

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza




**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 21/10/2009 13:35  
**Nº Rexistro: 11474**  
Data envío: 21/10/2009 13:35:41.006

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carlos Aymerich Cano, Alfredo Suárez Canal e Bieito Lobeira Domínguez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ás dificultades padecidas polas opositoras e opositores que optan por facer en galego as probas de acceso á función pública autonómica.

Os pasados días 17 e 18 de Outubro celebráronse en Silleda as probas de acceso ao grupo A1 da administración galega. Na mañán do día 17, antes de comezaren as probas, o presidente do tribunal advertiu por megafonía que había que facer algunhas "aclarácións" para aqueles e aquelas que escollesen facer o exame en galego, aclaracións que se referían a 12 puntos do exame entre preguntas e respostas mal traducidas con erros como "sentenza asine" por "sentenza firme", ou "a ría de facenda" por "Consellería de facenda", "órgano de ado" por "órgano de estado", "análise de estado2 onde debería por "análise da cuota xeral do estado" .... e así seguido, xa sen nos parar nas innúmeras grallas que inzan o texto. No meio do lóxico nervosismo dos opositores e opositoras, as correccións demoraron muito tempo tanto polas deficiencias do sistema de megafonía canto porque os opositores non daban entendido o sentido que o presidente lle daba as preguntas unha vez corrixidas. A resposta do presidente do tribunal ante as lóxicas protestas dos examinandos era que tiñan tres días para reclamar.

O domingo 18 os problemas volvéronse producir mesmo con erros máis graves, ao punto de que quen optou por facer o exame en galego tivo que andar continuamente



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/10/2009 13:35  
Nº Rexistro: 11474  
Data envío: 21/10/2009 13:35:41.006

a cotexas co texto castelán, perdendo deste xeito o tempo e a tranquilidade precisas para facer un exame.

Á vista destas graves irregularidades que tamén se deron nas probas de acceso a outros grupos (en concreto, que teñamos constancia, C1 e C2), manifestación palmaria de que a fobia contra o galego da Xunta do PP vai de man dada coa ineficacia e o caos no funcionamento dos servizos públicos, formúlanse as seguintes cuestións:

A que obedecen os incontábeis erros que inzan a versión en galego das probas de acceso ao grupo A1 da Xunta de Galiza? Quizais á vontade deliberada de facer desistir aos opositores e opositoras de faceren o exame na nosa lingua dado o sobre esforzo que supón? É esta a liberdade de escollo que en materia de lingua quer practicar o PP?

Vaise adoptar algunha medida para que estes feitos non se volvan repetir?

Santiago de Compostela, 21 de Outubro de 2009.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Alfredo Suárez Canal

Bieito Lobeira Domínguez

Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/10/2009 13:35**  
**Nº Rexistro: 11474**  
Data envío: 21/10/2009 13:35:41.006

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/10/2009 13:32:34**

**Alfredo Suárez Canal na data 21/10/2009 13:32:41**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 21/10/2009 13:32:45**